

NORMAS DE CONSERVACIÓN DOS LIBROS

1. Os exercicios formulados non deben estar resoltos nel. Admitiranse libros cun máximo dunha lección cos exercicios resoltos.
2. Con todas as súas páxinas e portadas.
3. Sen subliñar. Admitiranse libros subliñados a lapis ou coloreados, nun máximo do 25% das súas páxinas.
4. Sen pintadas no seu interior. Admitiranse libros que conteñan un máximo de 5 pintadas. Admitiranse anotacións do profesor.
5. Sen follas soltas ou arrancadas.
6. Os libros de mochila lixeira deberán estar encadernados e entregarse todas as súas partes.

NORMAS PARA A PARTICIPACIÓN O VINDEIRO CURSO NO PROGRAMA DE INTERCAMBIO

1. Débense forrar, preferentemente con plástico, todos os libros.
2. O nome do propietario débese escribir nun adhesivo e pégalosobre o plástico.
3. Non subliñar, nunca, con bolígrafo ou rotulador; soamente con lapis.
4. Non facer os exercicios do libro no propio libro.
5. As anotacións, aclaracións, etc., deben ir á libreta, nunca ao propio libro.
6. Non pintar, debuxar, adornar, etc. ningunha parte do libro.

Con estes coidados será posible usar o libro durante varios anos.

Programa de intercambio de libros de texto

Xuño / Setembro

IES Mestre Landín

www.edu.xunta.es/centros/iesmestrelandin/

PRESENTACIÓN

O intercambio de libros de texto é unha práctica moi desexable dende moitos puntos de vista. Aínda que o máis evidente é, sen dúbida, o de aforro económico nun tempo de crise económica tan intensa, tampouco hai que desdeñar o seu sentido ambiental (polo importante aforro en papel) e a concepción deste material como algo valioso, que paga a pena respectar, conservar e transmitir.

A organización a nivel do centro do intercambio, ten a vantaxe de que os libros das distintas materias son, na súa inmensa maioría, os mesmos que o curso anterior, co cal se garante un maior aproveitamento na iniciativa.

O espírito do intercambio susténtase na **reciprocidade** e na **xenerosidade**. Na **reciprocidade**, porque os libros doados xeran dereito de adquisición, e na **xenerosidade**, porque non sempre coincidirán as doazóns coas adquisicións, e porque hai grupos, como cuarto de ESO, que non obterán nada material a cambio da súa doazón, e outros, como sexto de Primaria que poden recibir material sen nada a cambio. Aínda que se a iniciativa prospera, a dinámica do paso dos cursos acabará igualando estas circunstancias.

Como toda iniciativa que se pon en marcha, a presente está tamén sometida a eventuais erros, malas previsións ou erros no seu deseño, polo que xa por adiantado non gustaría contar coa comprensión e axuda de todos os implicados no proxecto.

REQUISITOS PARA O INTERCAMBIO

Os libros doados teñen que estar incluídos na lista de libros de texto do curso que comeza en setembro deste ano, e han de estar en **bo uso** (ver Normas de conservación).

- 1.- A participación nesta iniciativa é totalmente **voluntaria**.
- 2.- Para participar o alumno/a deberá estar matriculado no noso centro ou ter presentado nel reserva de praza ou solicitude de admisión.
- 3.- Esta iniciativa faise sen ningún ánimo de lucro, e en ningún caso pode ter compensación en diñeiro.
- 4.- Os participantes neste proceso aceptan todas as condicións e, en **caso de desacordo, acatarán a arbitrase da dirección** do centro.

PROCEDEMENTO

1ª FASE: Xuño

Poderán participar aqueles **alumnos con todas as materias aprobadas ou ata un máximo de dúas suspensas**.

Os libros entregaranse nun paquete ou bolsa debidamente identificado no que figurará o nome e apelidos do alumno/a e o seu curso actual xunto coa **folia de doazón e solicitude** de libros debidamente **cumprimentada e asinada**.

Prazo de **entrega** dende **27 de xuño** ata o **2 de xullo**.

Prazo de **recollida** dende **8** ata o **12 de xullo**.

2ª FASE: Setembro

Poderán participar **aqueles alumnos que promocionen de curso** na convocatoria extraordinaria de setembro

Prazo de **entrega**: 1º e 2º ESO: **9 de setembro**

3º e 4º ESO: **10 de setembro**

Prazo de **recollida**: a partir do **16 de setembro**

